

Proposta de CSIF para a ORDE do ___ de _____ de 2016 pola que se establecen os elementos identificativos e a uniformidade das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais.

As Leis 21/2015, de 20 de xullo e 10/2006, de 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, así como a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia definen ó Axente Forestal ou Axente Facultativo Medioambiental, como un funcionario que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente ás Administracións Públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Enxuízamento Criminal.

Tamén establecen que os funcionarios que desempeñen funcións de policía administrativa forestal, por atribución legal ou por delegación, teñen a condición de axentes da autoridade.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia creou no corpo de técnicos de carácter facultativo a escala de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental. Na mesma lei decláranse «a extinguir» as seguintes escalas dos corpos de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) A escala de Axentes Facultativos Medioambientais do corpo de axudantes de carácter facultativo.
- b) A escala de Axentes Forestais do corpo de auxiliares de carácter técnico.

Na alínea cuarta da disposición derradeira quinta establece que “A declaración «a extinguir» da escala de Axentes Facultativos Medioambientais, do corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, establecida na alínea oitava da disposición adicional novena, entrará en vigor cando se produza o desenvolvemento regulamentario da nova escala de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia. As funcións que esta lei asigna a esta nova escala será exercida tamén polo persoal da escala de Axentes Facultativos Medioambientais, ata a definitiva extinción desta última”.

Polo tanto e ata a definitiva extinción das escalas de Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais compre dotar aos seus membros, así como aos que formen parte da nova escala de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, da uniformidade e outros elementos identificativos, cos cales os seus membros transmitirán a imaxe da institución a que pertencen antes que a súa persoal. O uniforme por si mesmo xa identifica os membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia, pero tamén é necesario exteriorizar, tanto ante a cidadanía coma entre os membros do servizo, distinto nivel de responsabilidade, especialmente durante o desenvolvemento de determinadas actuacións que exixen a concorrencia de persoal que, aínda pertencendo ao mesmo servizo, ten que realizar diferentes tarefas de forma coordinada. É por iso que teñen que establecerse elementos diferenciadores que co uniforme exterioricen a identificación dos postos.

O uso do uniforme constitúe a norma xeral nas escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia, sendo o primeiro elemento identificativo que se amosa á cidadanía. Non obstante en determinadas circunstancias os membros destas escalas poderán actuar sen uniforme. Nestes casos, os seus membros identificaranse coa placa insignia e o carné profesional, cuxas características tamén se regulan.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Elementos identificativos*

1. Os elementos identificativos dos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia son o uniforme, a placa insignia, os emblemas, o número de axente e o carné profesional.

2. Os membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia actuarán uniformados salvo que, excepcionalmente e en función das circunstancias do servizo que vaian desenvolver, así o determinen os seus superiores xerárquicos. Así mesmo, portarán o carné profesional e placa insignia con que acreditarán a súa personalidade e condición de axentes da autoridade cando sexan requiridos para identificarse pola cidadanía, ou cando sexa necesario para realizar algún servizo.

3. Para os efectos desta orde e para o uso dos elementos identificativos, o persoal das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia estarán incluídos nunha destas tres categorías:

- a) Axente Territorial.
- b) Axente Zonal.
- c) Axente.

Artigo 2. *O uniforme*

Para os efectos desta orde, entenderase por uniforme o conxunto de pezas de roupa e equipos de vestimenta proporcionados pola Consellería do Medio Rural ao persoal que preste servizos en calidade de membro das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia e que permita a súa identificación como tal.

Artigo 3. *Clases de uniformes*

1. No das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia empregaranse uniformes clase A, clase B e as pezas de roupa e equipos accesorios, clase C.

2. Os uniformes de clase A e B terán as modalidades de inverno e verán, correspondendo ao/á titular da Subdirección Xeral de determinar as datas en que se usará unha ou outra modalidade.

Artigo 4. *Uniforme clase A*

1. O uniforme clase A vestirase nos actos oficiais e públicos en que se exixa. Tamén poderán usarse en actos sociais de especial relevancia, que así determine a Subdirección Xeral de e, en calquera caso, cando sexa ordenado por superior xerárquico.

2. O uniforme clase A, na modalidade de inverno, componse das seguintes pezas de roupa:

a) Persoal masculino:

Gorra de prato

Luvas

Chaqueta cruzada

Gravata

Camisa de manga longa

Cinto

Pantalón

Calcetíns

Zapatos

b) Persoal feminino:

As mesmas pezas de roupa que para o masculino, coa particularidade de que o pantalón pode ser substituído por saia recta e os calcetíns por medias.

3. A modalidade de verán comprende as mesmas pezas de roupa pero confeccionadas en tecido axeitado para a estación.

Artigo 5. *Uniforme clase B*

1. O uniforme clase B utilizarase con carácter xeral en todos os servizos.

2. O uniforme clase B, na modalidade de inverno, está composto polas seguintes pezas de roupa:

a) Persoal masculino:

Boina lateral

Xersei

Camisa da manga longa con divisas

Cinto

Pantalón

Calcetíns

Zapatos antiesvaradíos

b) Persoal feminino:

As mesmas pezas de roupa que para o masculino, coa particularidade de que o pantalón pode ser substituído por saia recta e os calcetíns por medias.

3. A modalidade de verán comprende as mesmas pezas de roupa pero confeccionadas en tecido axeitado para a estación. A camisa con divisas será de manga curta.

Artigo 6. *Uniforme clase C*

1. O uniforme clase C está composto por outras pezas de roupa, complementos e equipamentos específicos que poderán ser empregados polos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia para a realización tanto de funcións comúns como de labores específicos, sendo as principais pezas de roupa que compoñen a uniformidade desta clase as seguintes:

Gorra de viseira

Anorak/Chuvasqueiro termoselado

Chaleco reflector coa lenda « POLICÍA AMBIENTAL » na espalda e con divisas e emblemas no peito

Polos de manga longa ou curta

Polares/Cortaventos

Pantalóns de faena multipetos térmico.

Cinto técnico

Abrigos e/ou chaquetóns

Roupas de augas

Luvas de diversos tipos

Calcetíns térmicos

Botas de diversos tipos

2. Estas pezas de roupa poderán ter unhas características técnicas diferentes en función das necesidades do servizo.

3. A dotación e uso concreto destas pezas de roupa serán determinados pola Subdirección Xeral de en función da natureza dos servizos que se vaian prestar, circunstancias en que se deban desenvolver, meteoroloxía do lugar en que se desempeñen e elementos, medios ou instrumentos que se van utilizar.

Artigo 7. Prohibicións de uso

Os membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia non empregarán pezas de roupa que non formen parte do uniforme, nin usarán nel outros distintivos, emblemas, insignias ou condecoracións que non fosen autorizadas expresamente pola consellería a que pertenza o servizo.

Con carácter xeral, prohibese o uso do uniforme estando fóra de servizo.

Artigo 8. Carné profesional

1. O carné profesional dos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia axustarase ao disposto na Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.

2. O carné de identificación profesional axustarase ao disposto no anexo I.

Artigo 9. Emblema

1. O emblema das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia conterà elementos alusivos ao carácter do servizo e formará conxunto co escudo de Galicia, de conformidade co sinalado no anexo II.

2. Os uniformes de clase A e B levarán obrigatoriamente o emblema das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia, nos lugares onde se dispoña nesta norma, sen que sexa necesario que este figure en todos os equipamentos e pezas de roupa clase C.

3. O emblema tamén será usado nos vehículos, embarcacións, helicópteros, locais e documentos que sexan propios ou directamente relacionados cas escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia.

Artigo 10. *Placa insignia*

1. A placa insignia engadirá ao emblema a lenda « Axentes Técnicos en Xestión Ambiental », na parte superior, e o número de identificación persoal de cada axente, na base.

2. A forma, medidas e demais características da placa insignia, que se portará conxuntamente co carné profesional para identificación, axustaranse ao disposto no anexo II.

Artigo 11. *Carteira portadistintivos*

O carné profesional e a placa insignia dos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia irán colocados na carteira portadistintivos que se detalla no anexo III.

Artigo 12. *Divisas*

1. Os membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia exhibirán no uniforme as divisas correspondentes ao seu posto de traballo. No uniforme clase A situaranse nos puños. No uniforme clase B situaranse nas ombreiras. Non será necesario que figure en todas as pezas de roupa e equipamentos da clase C.

2. As divisas para o uso no ombreiro serán do tipo «pas» ou «manguito» e serán intercambiáveis entre as diferentes pezas de roupa previstas para portaldas.

3. Ademais, levarán unha composición común a todo o persoal das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia, situada na parte superior da manga esquerda das pezas de roupa do uniforme, como se detalla no anexo IV.

Artigo 13. *Clases de divisas*

1. As divisas das categorías a que se refire o artigo 1.3 terán o seguinte distintivo común de 35 mm de eixe maior vertical e 25 mm de eixe menor transversal:



2. Dentro de cada categoría establecida no artigo 1.3 as divisas que corresponden a cada posto de traballo serán as seguintes:

1º. Axentes. Un galón dourado de 14 mm, cuberto na parte central polo distintivo común.

2º. Axentes Zonais. Dous galóns dourados de 14 mm, cubertos na parte central polo distintivo común.

3º. Axentes Territoriais. Dous galóns dourados de 14 mm, cubertos na parte central polo distintivo común. Sobre este conxunto outro galón dourado de 14 mm.

3. O deseño e demais características das divisas de cada categoría e do distintivo común descrito neste artigo detállanse no anexo IV.

Artigo 14. *Outras condecoracións*

Ademais dos emblemas, divisas e distintivos de uso obrigatorio no uniforme clase A das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia e en actos específicos, poderán exhibirse as condecoracións que fosen outorgadas por entidades ou organismos do Estado español, de Estados estranxeiros ou por organización de dereito público internacional.

Sen prexuízo do que dispoña o regulamento propio de cada condecoración, o seu uso no uniforme das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia situaranse no dianteiro superior esquerdo da peza de roupa exterior, por riba da liña do peto.

Artigo 15. *Utilización dos elementos de identificación*

1. Os elementos de identificación dos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia serán propiedade da Xunta de Galicia, que os entregará ás persoas titulares, as cales deberán garantir a súa custodia e conservación segundo as instrucións facilitadas polo superior xerárquico para a súa correcta e homoxénea utilización, comunicándolle os supostos de deterioración, perda ou mal funcionamento.

2. A carteira portadistintivos, xunto co carné profesional, a placa insignia, pas e manguitos serán entregados ao/á correspondente superior xerárquico nos supostos de cesamento, temporal ou definitivo, na prestación de servizos.

Artigo 16. *Renovación da uniformidade*

A renovación da uniformidade que se establece nesta orde realizárase a partires do quinto ano de entrega ou por deterioro da mesma; namentres a renovación non se produza, os membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia seguirán usando o uniforme do que dispoñan.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a ela.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de 2016

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural

ANEXO I

CARNÉ DE IDENTIFICACIÓN PROFESIONAL

1. O carné de identificación profesional dos membros das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia corresponderase coa definida no artigo 4.b) da Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.

2. O citado carné deberá conter o anagrama das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia.

ANEXO II

EMBLEMA

1. O emblema ou escudo das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia componse dos elementos que se describen a seguir, organizados conforme se representa graficamente na figura II-1.

2. A parte central está formada polo escudo de Galicia nas súas cores, cruzado na súa traseira polo marco forestal e o zapapico; a ambos os dous lados do conxunto, dúas ramas verdes unidas polos seus talos na parte inferior, unha de loureiro na parte dereita e na parte esquerda unha de aciñeira; sobre todo iso a coroa real. Todo o conxunto inmerso nun contorno tipo Ranger Forest.

3. Este emblema poderá usarse en todos os medios e efectos adscritos as escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia.



Figura II-1

TIPOS DE EMBLEMAS

A) Placa insignia.

1. Será unha peza metálica impresa. O anverso na parte superior conterá o anagrama da Xunta de Galicia e a lenda <<Axentes Técnicos en Xestión Ambiental>> sobre o emblema da Figura II-1; na parte inferior o número de identificación, segundo se representa na figura II-A, correspondente ao axente, que se comporá de catro

díxitos que se obterán de xeito correlativo, partindo do número 0001 para o primeiro axente, segundo a orde alfabética.

Usarase tamén no uniforme de clase A coa única diferenza de que non portará o número de identificación.

2. As dimensións serán as seguintes:

- Altura: 70 mm.
- Largura: 53 mm.
- Grosor máximo: 2 mm.
- Franxa da lenda: 5 mm de largo.
- Franxa do número de identificación: 5 mm de largo.



AXENTES TÉCNICOS
EN
XESTIÓN AMBIENTAL



Nº AXENTE: 0000

Figura II-A

B) Emblema para uniforme.

1. Estará confeccionado en PVC inxectado ou similar, para o uso nas pezas de roupa exteriores, e de materiais sintéticos e en bordado industrial ou similar sobre un soporte de feltro, plástico u outro semellante para as demais pezas de roupa.

Usarase no uniforme de clase B (ocasionalmente tamén no de clase C) e a fixación na peza de roupa será por fusión, pegado ou cosido.

2. As dimensións e demais características serán iguais ás que se expresan na epígrafe A deste anexo.

3. No uniforme clase A, en lugar deste emblema usarase a placa insignia descrita na epígrafe A (sen número de identificación).

C) Emblema para pezas de roupa de cabeza.

Será bordado e irá montado nunha galleta soporte na gorra de prato. Nesta gorra correspondente ao uniforme de clase A, o bordado poderá ser completamente en fío dourado.

Será bordado industrial, PVC ou similar, aplicado directamente sobre a gorra de viseira e a boina. En ambas irá centrado na parte dianteira. Representátese na figura II-C.



Figura II-C

ANEXO III

CARTEIRA PORTADISTINTIVOS

1. Estará confeccionada en coiro, polipel ou similar, de cor negra, disporá de dous espazos, un para o carné profesional e outro para a placa insignia.

O espazo destinado ao carné profesional terá un protector de material plástico transparente; os vértices irán convenientemente reforzados.

A forma e dimensións exprésanse a seguir na figura III-1.




Figura III-1

ANEXO IV

Divisas para os/as integrantes das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia de Galicia

1. Poderán confeccionarse en PVC inxectado, bordado ou similar, en cor dourado. Situaranse nas ombreiras no uniforme clase B, nos puños no de clase A e no lugar que se determine nas demais pezas de roupa de uniforme que as porten.

2. No puño colocaranse na metade exterior directamente sobre o tecido. Nas ombreiras, en pas ou manguitos de cor verde.

As divisas e distintivos das diferentes categorías e postos das escalas de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Forestais de Galicia represéntanse nas seguintes figuras e terán no centro o emblema da Figura IV-A-0:



Figura IV-A-0.




Figura IV-A-1. Axente.




Figura IV-A-2. Axente Zonal.




Figura IV-A-3. Axente Territorial.

A composición común para exhibir na parte superior da manga esquerda estará composta polas lendas « Xunta de Galicia » e « Axentes Técnicos en Xestión Ambiental ». Debaixo a bandeira de Galicia e o escudo de Galicia. Os diferentes elementos, deseño, forma e proporcións, represéntanse na figura IV-2 e na foto IV-3.



Figura IV-2



Foto IV-3

ANEXO V

A) Gorra de prato. Uniformes clase A.

Gorra de prato con viseira de charón, armazón de prato de forma oval e semirrígido, tecido principal en cor verde (a xogo co uniforme clase A) e funda extraíble de cor branca para utilización co uniforme de verán.

O barbicacho sobre a zona frontal irá suxeito ao cinto da gorra por dous botóns dourados, de tamaño pequeno, a xogo cos do uniforme. Levará dous pasadores feitos coa mesma cinta.

Centrada na parte frontal unha galleta co emblema bordado. Permitirá a colocación e extracción da funda.

O barbicacho será de cinta negra de 15 mm, acharoadada.

B) Chaqueta cruzada. Uniformes clase A.

1. Descrición: cor verde mariña escura, cruzada, entreteada e forrada, con dúas aberturas nas costas.

Abotoadura formada por botóns de metal dourado semiesféricos de folla de carballo en relevo, en tamaño mediano.

O emblema situarase na zona peitoral do dianteiro dereito. Será similar á placa insignia descrita no artigo 10 e anexo II, excluindo o número de axente. Irá fixada cun sistema que a manteña solidaria co uniforme e sen que se aprecien ocos.

Mangas tipo xastre; no puño levarán as divisas correspondentes a cada categoría. Nesta peza de roupa non se exhibirá a composición común de Gardacostas de Galicia.

Petos exteriores, dous na parte inferior, rectos e con tapa. Un na parte esquerda do peito.

C) Complementos. Uniformes clase A.

O uniforme clase A complementase coas seguintes pezas de roupa e accesorios:

Gravata. Cor negro brillante.

Cinto. A cincha será unha peza de coiro negro, rematada en forma de pico. A cincha suxeitarase e cerrará mediante unha fibela metálica rectangular.

Pantalón ou saia. Do mesmo tecido da chaqueta. A saia de corte recto.

Camisa. Branca de manga longa.

Calcetíns. Negros. Pódense admitir medias, pantis ou calcetíns transparentes, para uso con saia.

Zapatos. Negros, tipo Blucher.

D) Camisas. Uniformes clase B.

1. Descrición da camisa de manga longa: camisa recta, aberta no centro dos dianteiros.

Ombreiras para a colocación das divisas.

O pescozo será do tipo camiseiro.

Os petos de parche.


Os botóns en cor a ton coa camisa.

2. Descrición da camisa de manga curta: terá iguais características á da manga longa excepto as mangas que serán curtas e o pescozo que poderá ser aberto.

E) Cinto técnico. Uniformes clase B.

O cinto do uniforme de traballo será de nailon trenzado, de cor verde, a cincha de cinco centímetros de ancho, como mínimo. O peche será de presión, en PVC ou material similar de cor negra, con dous dentes de enganche. Os extremos da cincha de nailon irán rematados de forma que se facilite o seu uso e se impida o efecto de desflocado.

F) Chalecos. Uniformes clase C.



Chaleco reflector coa lenda « POLICÍA AMBIENTAL » na espalda e con divisas e emblemas no peito.